

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 18 DE MARZO DE 2009.**

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas e oito minutos do día dezaioito de marzo do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Antonio Bouza Rey, D<sup>a</sup>. Carolina Cruz Fernández, D. José Juan Roca Lorenzo e D<sup>a</sup>. Angeles Díaz Prados. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Vanessa Garcia Barreiro.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 12.03.2009.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión extraordinaria realizada o día 12 de marzo de 2009.

### **2.- LICENZAS DE OBRAS**

Tendo en conta os informes emitidos polas técnicas municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen perxucio de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

#### **A) PROXECTOS DE EXECUCIÓN. PERMISO PARA INICIO DE OBRAS:**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da técnica municipal, así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, por unanimidade, acorda conceder permiso para o inicio das obras que de seguido se relacionan:

- **Dna. MANUELA MEIZOSO FREIRE e D. JAVIER CALVO BASOA (N.R.E. 802/16.02.2009)**, para construción de vivenda unifamiliar illada, no Lugar do Redondo, referencia catastral: 4418604-12NJ6141N (trátase dunha finca agrupada que aínda non ten referencia catastral propia); dacordo co proxecto de execución asinado polos arquitectos D. Nicolás Castelo Pérez, D. Luis Felipe Cabezas Torrelo e Dna. MaryPaz González-Delema Fernández, visado polo C.O.A.G. en data 12.02.2009, por corresponderse co proxecto básico para o que foron concedidos os oportunos permisos e informes favorables por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de outubro de 2009 (expte. 86/2008).

O arquitecto técnico director da execucion material das obras é D. Javier Castro

Rodríguez.

Prazo de inicio: 6 meses, segundo a licenza concedida.

Prazo de execución: 24 meses, segundo a licenza concedida.

O interesado está obrigado a notificar oficialmente ao Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ao proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos.

Rematada a obra deberá solicitar licenza de 1ª ocupación.

### **3.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS**

#### **A) OBRA DE “PISCINA CUBERTA PARA OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS”**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta os informes da intervención municipal, obrantes no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 7 das obras de “PISCINA CUBERTA PARA OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS”, das que é adxudicatario D. OBRAS Y CONTRATAS AEDES S.L., por importe de TRINTA E OITO MIL CENTO SETENTA E OITO EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (38.178,13 €), con cargo á partida 2008.1.452.0.62200 do orzamento vixente, prorrogado do 2008, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 8 das obras de “PISCINA CUBERTA PARA OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS”, das que é adxudicatario D. OBRAS Y CONTRATAS AEDES S.L., por importe de CENTO NOVENTA E SEIS MIL CINCOCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (196.538,09 €), con cargo á partida 2008.1.452.0.62200 do orzamento vixente, prorrogado do 2008, así como á factura correspondente a dita certificación.

3º.- Remitir o presente acordo e as citadas certificacións e facturas correspondentes á Excm. Deputación Provincial - Sección Patrimonio e Contratación - aos efectos da xustificación do convenio de colaboración asinado entre a Excm. Deputación Provincial de A Coruña e os Concellos de Mugardos e Ares para financiar as obras incluídas no proxecto básico e de execución da piscina cuberta climatizada compartida Ares-Mugardos (Nº. 320/2006).

3º.- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Ares para o seu coñecemento e efectos.

#### **B) OBRA DE “SANEAMENTO NA ESTACIÓN DE FRANZA”**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 2-FINAL da obra de “SANEAMENTO NA ESTACIÓN DE FRANZA”, incluída no Plan de Obras e Servizos (POS) da Excm. Deputación

Provincial de A Coruña anualidade 2008, da que é adxudicatario D. BEGASUCEGSA, por importe de OITENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS CUARENTA E TRES EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (85.543,55 €), con cargo á partida 2009.1.441.0.63702 do orzamento vixente, prorrogado do 2008, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Presta-la súa aprobación á acta de recepción da devandita obra, de data 02.03.2009.

3º.- Que se remita copia á Excma. Deputación Provincial de A Coruña, por estar incluída no POS anualidade 2008, aos efectos da súa xustificación.

### **C) OBRA DE “REPOSICIÓN DE ABASTECIMIENTO DE AUGA NA RÚA CURROS ENRIQUEZ”.**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 2-FINAL da obra de “REPOSICIÓN DE ABASTECIMIENTO DE AUGA NA RÚA CURROS ENRIQUEZ.”, incluída no Plan de obras municipais 2008, da que é adxudicatario D. CONSTRUCCIONES CONCIFA S.L., por importe de CATORCE MIL SETECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (14.772,55 €), con cargo á partida 2009.1.441.0.63703, do orzamento vixente, prorrogado do 2008, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Presta-la súa aprobación á acta de recepción da devandita obra, de data 15.01.09

### **4.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN**

O presente punto retírase da orde do día por non ter recaído aínda ditame da comisión informativa de urbanismo e industria.

### **5.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 180/2009**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar a resolución da alcaldía que deseguido se transcribe:

*“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 180/2009, de 13.03.2009.- Advertido o erro padecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión realizada o día 12.03.2009, relativo ao asunto: “5.- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE “REHABILITACIÓN DE CUBIERTA Y VESTUARIOS DEL EDIFICIO MUNICIPAL OCUPADO POR EL CLUB DEL MAR DE MUGARDOS (A CORUÑA)”, INCLUÍDAS NO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL”, acordo polo que se ten adxudicado definitivamente a obra, pola modalidade de contrato menor, á empresa D. MANUEL VARELA COLLAZO S.L. C.I.F. B15221567 no prezo de CINCUENTA E OITO MIL CEN EUROS (58.100 €) IVE incluído, cando dita obra - por ter un presuposto de contratación de 50.350,17 euros, IVE excluído – non pode contratarse pola modalidade de contrato menor ao exceder de 50.000 euros, IVE excluído.*

*En base ao exposto, pola presente, RESOLVO:*

1º.- *Deixar sen efecto a adxudicación efectuada e proceder á apertura do procedemento de contratación polo procedemento negociado sen publicidade, tal como consta explicitado na documentación obrante no MAP.*

2º.- *Dar conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre para a súa ratificación.*”

## **6.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 181/2009**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar a resolución da alcaldía que deseguido se transcribe:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 181/2009, de 13.03.2009.-** *Vista a Resolución ditada polo Secretario de Estado de Cooperación Territorial de autorización para a financiación do proxecto presentado por este concello a contratar pola modalidade de procedemento negociado sen publicidade, tal como se especificou na correspondente solicitude das obras, e atendidos os informes emitidos pola interventora municipal e o secretario da Corporación, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:*

1.- *Acordar a necesidade de contratación das citadas obras polos motivos que se indican na memoria do correspondente proxecto técnico.*

2.- *Aprobar o expediente de contratación das obras polo procedemento de urxencia e dispor a apertura do procedemento de adxudicación polo procedemento negociado sen publicidade para as obras de “REHABILITACIÓN DE CUBIERTA Y VESTUARIOS DEL EDIFICIO MUNICIPAL OCUPADO POR EL CLUB DEL MAR DE MUGARDOS (A CORUÑA) “cun presuposto de execución por contrata de CINCUENTA E OITO MIL CATROCENTOS SEIS EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (58.406,20 €).*

3.- *Aprobar o gasto con cargo á partida 2009.0.452.0.63200 do vixente presuposto, prorrogado do 2008.*

4.- *Prestar aprobación ao prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, según texto obrante no expediente.*

5.- *Sinalar que no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos.*”

6.- *Dar conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre para a súa ratificación.*”

## **7.- APROBACIÓN DO GASTO**

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- *Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 22º das Bases de*

Execución do Orzamento de 2008, coa aplicación presupostaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

<b>Rex.</b>	<b>Fact</b>	<b>Partida</b>	<b>Proveedor e Concepto</b>	<b>Importe</b>
283	0	2009.0.121.0.22400	MAPFRE EMPRESAS COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS,S.A POLIZA 0960180094543 RESPONSABILIDADE CIVIL, 13.03.09/14.03.2010	29.381,44 €
343	3	2009.0.611.0.22708	GONZALO RGUEZ FERNANDEZ 5% LIQUIDACION 1/2009	6.693,61 €
367	57	2009.0.432.0.22710	CALSOMATU,S.L. MANTEMENTO E CONSERVACION ALUMEADO PUBLICO,XANEIRO	3.060,29 €
372	V01/1317	2009.0.451.0.22715	SIDECU, S.L. MONITOR ESCOLAS MUNICIPAIS CULTURAI, XANEIRO	7.584,36 €
374	V01/1318	2009.0.452.0.22715	SIDECU, S.L. MONITOR ESCOLAS MUNICIPAIS DEPORTIVAS MES XANEIRO	3.349,36 €
401	64	2009.0.432.0.21000	CALSOMATU,S.L. REPARACION DANOS ALUMEADO PUBLICO POR MOR DO CICLON KLAUS, 23 Ó 24.01.09	20.533,67 €
438	18	2009.0.451.0.22607	SANTA COMPAÑA/ MARTINEZ ALLEGUE, Mª. JOSE TARIMA, CARPA, GAITAS, MESAS, ENTROIDO 2009	3.828,00 €
444	1048	2009.0.451.0.22602	FERNANDO CUDILLEIRO ESTEIRO MATERIAL DE OFICINA, CULTURA	3.724,88 €
450	472	2009.0.442.0.22713	SOGAMA, S.A. TRATAMENTO RU PLANTA DE NARON, FEBREIRO	8.678,33 €
452	MG02/2009	2009.0.313.0.22718	ANA NAYA GARCIA, S.L. SERVIZO PUBLICO ATENCIONA PRIMEIRA INFANCIA,FEBREIRO	5.995,47 €
465	V01/1359	2009.0.451.0.22715	SIDECU, S.L. MONITOR ESCOLAS MUNICIPAIS CULTURAI, FEBREIRO	7.369,52 €
466	09067	2009.1.452.0.62200	PROYFE,S.L. DIRECCION OBRA PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA	7.351,59 €

2º.- Proceder ao reintegro da cantidade de 12.000 euros á Excma. Deputación Provincial de A Coruña, correspondentes á campaña de “Limpeza de praias anualidade 2008”, cantidade aboada en concepto de anticipo, por non terse realizado a campaña mencionada e presentado renuncia por parte do Concello de Mugardos.

### **8.- EXPEDIENTE DE INTENTO DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DAS OBRAS DE DEMOLICIÓN PARCIAL NA VIVENDA SITA EN R/ BARCIAS, Nº 34 (O SEIXO): APROBACIÓN DE LIQUIDACIÓN DOS GASTOS.**

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 734/2006, de data 08.11.2006, pola que se estableceu a execución subsidiaria polo concello e a costa do interesado, das obras de demolición parcial na vivenda sita en R/ Barcias nº 34, derivadas da sentenza ditada no recurso contencioso-

administrativo nº 02/0004426/1996.

Tendo en conta, que como resultado do intento da devandita execución subsidiaria foi necesaria a seguinte prestación de servizos:

- Confección do proxecto e dirección de obra, 4.640,00 €
- Dirección de execución da obra, 1.508,00 €
- Prestación de servizos para a execución da obra, 7.649,32 €

E tendo en conta asimesmo a proposta de acordo formulada polo concelleiro de urbanismo e industria en data 13.03.09, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar e liquidar a D. JAVIER RODRÍGUEZ SANTAMARINA, o importe total dos gastos ocasionados polo intento da execución subsidiaria das obras de demolición parcial na vivenda sita en R/ Barcias nº 34 (O Seixo), que ascenden á contía de 13.797,32 € (TRECE MIL SETECENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS).

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado cos recursos pertinentes e á Tesourería municipal.

#### **9.- COMUNICACIÓN DE ENTREGA AO CONCELLO DA OBRA DE “ADECUACIÓN DO VERTEDOIRO DE R.S.U. DE MUGARDOS (A CORUÑA)”**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta de recepción de data 19.02.2009, así como ao programa de vixilancia e control ambiental da “ADECUACION DO VERTEDOIRO DE R.S.U. DE MUGARDOS (A CORUÑA)”, remitidos pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental- Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia (R.E. 1.139/10.03.09)

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e quince minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario da corporación, dou fe.

Vº. e praxe  
O ALCALDE